

# a maiores

Programa de animación e desenvolvemento comunitario co colectivo de persoas maiores



PROGRAMA DE ACTIVIDADES  
**terceira idade**  
xaneiro-febreiro-marzo  
2025



Concello de Vedra  
Servizos Sociais



## sabías que...



### Historia da camelia ata a súa chegada ó Concello de Vedra

O nome de **camelia** débese ao naturalista Linneo que quixo honra-lo labor que durante anos realizou o padre xesuíta Jorge Kamel sobre a fl ora e a fauna das illas Filipinas. O nome de camelia é unha homenaxe póstuma a este xesuíta que non tivo nada que ver co descubrimento nin coa introdución da planta en Europa.

Coñecemos a camelia como planta ornamental, pero a maior parte das especies do xénero non teñen valor ornamental senón que son cultivadas como plantas produtoras da infusión do té, como produtoras de aceite para cociñar e para a cosmética ou para obter da súa madeira un carbón vexetal de excelente calidade.

O xénero *Camellia* é nativo de Asia Oriental, así o 90% das máis de 200 especies coñecidas actualmente teñen a súa orixe en China, Corea, Illas Formosa, Vietnam, Laos, Camboxa, Tailandia, Myanmar (Birmania), Bután e Nepal.

Os navegantes europeos de finais do século XVI trouxéronnos as primeiras referencias da bebida do té e das magníficas flores que cubrían os xardíns asiáticos. Os navegantes desta época desempeñaban labores de investigación, xa que realizaban descrições da flora e fauna dos países que visitaban. Desta maneira espertaron o interese dos europeos por introducir e propagar estas plantas en Europa.

Algunhas trouxéronas capitáns de barcos da Compañía de Indias, outras buscadores de plantas como Robert Fortune e mesmo misioneiros.

Inglaterra foi o país europeo que difundiu o seu cultivo a Francia, Bélxica, Italia ou Alemaña, aínda que parece ser que a Portugal chegaron as camelias incluso antes que a Inglaterra. Chegaron por vía diferente, traídas polos seus navegantes e desde aquí difundíronse a España e máis concretamente a Galicia.

Queda constancia da presenza da camelia nos xardíns galegos desde principios de 1800 grazas a escritos como os de Colmeiro, Xosé Castro Pita e Emilia Pardo Bazán. Tamén a atopamos nun catálogo da exposición Agrícola, Industrial e Artística celebrada en xullo de 1858 en Santiago de Compostela, na que apareceron dous expositores que presentaron camelias.

Galicia en Xeral e as terras de Vedra e da Ulla en particular, polas súas condicións climáticas e edafolóxicas é, xunto co Norte de Portugal, un lugar excelente para o crecemento desta planta... Aquí conseguimos cultivar con bastante facilidade exemplares de *C. reticulata* que noutros lugares de Europa é necesario cultivar en invernadoiro.

sabías que...

# TEMPO DE CAMELIAS...



**Camelia, Camelia, Camelia  
Camelia, Camelia do meu corazón**

**Camelia, Camelia, Camelia  
Camelia, do meu corazón  
De sumas e restas entendes  
Pero non entendes nada, nada, de amor**

**Camelia, Camelia, Camelia  
Camelia, do meu corazón  
Ti sabes moito de xeometría  
Pero non entendes nada, nada, de amor**

**Pois cos libros passas todo o día  
Estudas tanto que é unha barbaridade  
O que estudas é importante, xa o sei  
Pero tamén é importante que ti aprendas a querer**

**Camelia, Camelia, Camelia  
Camelia, do meu corazón  
De sumas e restas entendes  
Pero non entendes nada, nada, de amor, Camelia.**

*Canción de Palito Ortega*

recuncho da memoria





# Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra



## \* Horario do Centro:

De luns a venres de 17:00 h. a 21:00 h.

Pechado o último sábado de cada mes e festivos.

## Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias:

- - - -de luns a venres de 9:30 a 13:30 h.



## CURSOS



### Ximnasia de maiores:

- - - -os luns e mércores de 17:30 a 18:30, de 18:30 a 19:30 h. e de 19:30 a 20:30 h.

### Obradoiro de traballo corporal:

- - - -os martes de 18:00 a 19:00 h. e de 19:00 a 20:00 h.

### Obradoiro de memoria:

- - - -os martes e xoves de 17:00 a 18:00 h., e de 19:00 a 20:00 h.

### Canto-Coral:

• - - -os venres de 19:30 a 21:00 h.

Estes cursos teñen un custo de matrícula de 20 € (de outubro a xuño)

**Laborterapia: pintura en roupa, trapillo...**(As máns da avoa-  
Gratuíto): - - - -os mércores de 16:30 a 18:30 h.

**Obradoiro de Teatro (Gratuíto):** - - - -os mércores ás 20:30 h.

**Bailoterapia:** 20 €/trimestre, dende outubro a decembro  
- - - -os xoves de 18:45 a 19:45 h.

**loga integral:** 30 €/trimestre, dende outubro a decembro  
- - - -os venres de 17:30 a 19:00 h.

**Proxecto EUTERPE\_ADN/MÚSICA (Gratuíto):**

- - - - os martes e xoves de 18:00 a 19:00 h.,

MÁIS INFORMACIÓN NO CENTRO SOCIAL  
OU NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

cursos—o centro



# ● ● ● xaneiro



## Liga de Brisca

Ao longo dos meses de febreiro e marzo. Inscripción aberta ata o 30 de xaneiro. Inicio o 4 de febreiro.

## Presentacións:

- - - -**Sábado 18 de xaneiro** de 18:00 a 20:00 h.
- Presentación do libro “El mensaje de un duende para la humanidad”, da veciña de Trobe, Estrella Camino Bouzón.
- Exposición de bisutería slacosti, de Slilvia Molinari.
- Exposición fotográfica: “O segredo da fraga. Ollando as grandezas miúdas que nos aporta adentrarnos na maxia da Terra Nai”, de Fernando Pintos Recarey.

## Circuíto Termal nas Termas de Outariz

- - - -**Luns 27 de xaneiro.**

**Prezo: 30 €**

(Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso.

(O prazo de inscrición ábrese o **15 de xaneiro de xeito presencial na Cafetería do Centro** ou **no teléfono 981 502 024**. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición).

## Bingo

- - - -**Xoves 30 de xaneiro** ás 20:00 h.

actividades



# ● ● ● febreiro



## Escola de Saúde: “Atragantamentos e asfixia... como actuar?; espazos de cardioprotección en Vedra”

- - - -Xoves 6 de febreiro ás 20:00 h. no Centro Social.  
Impartido por Cruz Vermella Santiago

## Circuíto Termal nas Termas de Outariz

- - - -Mércores 12 de febreiro.

**Prezo: 30 €** (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso.

(O prazo de inscrición ábrese o 3 de febreiro de xeito presencial na Cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudícaranse por orde de inscrición).

## Bingo

- - - -Xoves 13 de febreiro ás 20:00 h.

## Baile de Entroido

- - - -Venres 28 de febreiro ás 19:00 h. no Centro Social.  
Concurso de disfraces, cantos tradicionais, contos, show de bailoterapia, larpeiradas...

Actuación de José Manuel, ex cantante dos Trovadores

actividades



# ● ● ● marzo



## Programa Camiños de Coñecemento e Experiencia da USC

- - - - -Pendente de fixar data

## Excursión a Cuenca e Cidade Encantada

- - - - -12, 13 e 14 de marzo. (3 días, 2 noites)

Prazas limitadas

Reunión informativa e inscricións o xoves 23 de xaneiro ás 20:00 h.

## Circuíto Termal nas Termas de Outariz

- - - - -Mércores 26 de marzo.

**Prezo: 30 €** (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso.

(O prazo de inscrición ábrese o 17 de marzo de xeito presencial na Cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición).

## Bingo

- - - - -Xoves 27 de marzo ás 20:00 h.

## Teatrofilia

Actuacións de teatro ao longo do mes de marzo. Organizado pola Asociación Cultural Papaventos.

actividades



Concello de Vedra  
Servizos Sociais



XUNTA  
DE GALICIA

**INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:**

**Departamento de Servizos Sociais**

**Tfno: 981 814693**

**Centro Sociocultural da Terceira Idade**

**Tfno: 981 502024**